

PLAN ANUAL DE LECTURA

CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DA
PIE DADE

CURSO: 2024/25

PLAN ANUAL DE LECTURA

O interese cara a lectura é unha das cousas que os docentes promovemos nas etapas escolares, sobre todo polos amplos beneficios que esta aporta, é por iso polo que dende a biblioteca e contando coa axuda de toda a comunidade educativa pretendemos desenvolver unha serie de accións que axuden a perseguir tal fin.

Tendo como referente o Proxecto Lector de Centro, as medidas a desenvolver este curso 20242025a partir do establecido no mesmo son:

ACTIVIDADES BIBLIOTECA:

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	DATA PREVISTA	CURSO IMPLICADO	PROFESORADO RESPONSABLE
Hora de ler	Todos os días o alumnado do centro adicará un tempo á lectura na aula (30 minutos). Cada día da semana realizarase de 10:30 a 11:00 horas.	Todo o curso	Todo o centro	Titores/titoras
Libro viaxeiro	Cada nivel elaborará un libro viaxeiro. Este curso versará sobre a elaboración dunha guía de viaxes.	Todo o curso.	Todo o centro	Equipo de Biblioteca
Mochilas viaxeiras	O equipo de biblioteca seleccionará contos para a mochila viaxeira. A mochila rotará de luns a luns.	Todo o curso	Todo o centro	Equipo de Biblioteca
“Bibliotubers”	Os nenos e nenas converteranse en “youtubers” da biblioteca e protagonizarán vídeos onde realizarán unha pequena sinopse e crítica dun libro que leron previamente. O resultado colgarase na web	Todo o curso	Educación primaria	Equipo de Biblioteca

	do colexio.			
“Unboxing”	O alumnado será o encargado de abrir as caixas dos xogos dispoñibles na nosa biblioteca para presentar e explicar as normas de uso de cada un deles, animando ao resto do alumnado a facer uso dos mesmos. Todo este proceso será gravado e colgado na páxina web.	Todo o curso	Educación Primaria	Equipo de Biblioteca
Fotobiblio	Recanto presente na nosa biblioteca onde se expoñerán fotografías de todas aquelas actividades que se fagan ao longo do curso neste espazo.	Todo o curso	Todo o centro	Equipo de Biblioteca
Novidades Furabolos	Todos os meses o equipo de biblioteca colgará as novidades máis salientables na páxina web do colexio.	Todo o curso	Todo o centro	Equipo de Biblioteca
Préstamos	Será realizada polos titores e titoras na hora semanal que cada nivel teña asignada.	Todo o curso	Todo o centro	Titores/titoras
“Leerflix”	Un formato novo que busca expoñer diferentes portadas de libros para mostrarlle ao alumnado os novos lanzamentos,	Todo o curso	Todo o centro	Equipo de Biblioteca

	<p>tendencias, suxerencias... da nosa biblioteca.</p> <p>Írase cambiando cada certo tempo e añadirase posteriormente un apartado de recomendacións onde sexan eles/as os/as que nos suxiran algún libro.</p>			
Buzón de suxerencias	<p>Como ben indica o seu nome, servirá para que o alumnado introduza no mesmo, todas aquelas suxerencias referentes á nosa biblioteca.</p>	Todo o curso	Todo o centro	Equipo de Biblioteca
Hospital de libros	<p>Caixa na que se meterán aqueles libros que precisen ser reparados. Esta actividade será levada a cabo polo equipo de biblioteca xunto con voluntarios e voluntarias dos diferentes cursos.</p>	Todo o curso	Todo o centro	Equipo de Biblioteca
Bibliopatios	<p>No tempo de lecer os nenos e nenas poderán ler contos. Neste curso, só se levará a cabo en Educación Infantil pois o resto do alumnado poderá visitar a biblioteca.</p>	Todo o curso	Educación Infantil	Equipo de Biblioteca

CONMEMORACIÓNS:

Por outra banda, e cumprindo co establecido no calendario escolar, tamén pretendemos celebrar unha serie de conmemoracións. Cómpre sinalar que este curso 20242025 todas as actividades levadas a cabo no noso centro xirarán en torno a unha temática común (O Camiño de Santiago) haberá unha estreita coordinación por parte de todos os equipos. Deste xeito, ao longo do desenvolvemento das mesmas, o equipo de biblioteca contará co apoio e colaboración do resto dos equipos (TICS, EDLG, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares) para poñelas en marcha.

Dito isto, as conmemoracións e actividades que dende biblioteca se propoñen para este curso son:

CONMEMORACIÓN/ CELEBRACIÓN	ACTIVIDADE	DATA PREVISTA	CURSO IMPLICADO	PROFESORADO RESPONSABLE
Apertura da biblioteca	Explicación das normas e uso da biblioteca e posta en marcha das mochilas viaxeiras.	24 de outubro	Todo o centro	✓ Equipo de biblioteca
Día das bibliotecas	Realizaremos unha actividade onde cada curso explicará o Camiño de Santiago sobre o que lle tocou traballar.	24 de outubro	Todo o centro	✓ Equipo de Biblioteca
Samaín	Colaboración co resto de equipos de coordinación na celebración do Samaín. Ambientación dos espazos, realización de obradoiros, contacontos de medo, desfile de disfraces,	30 de outubro	Todo o centro	✓ Equipo de Biblioteca ✓ Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Día internacional das persoas con discapacidade	Realizar unha manifestación polo pobo con vasoiras e cunchas en prol da igualdade rexeitando a violencia de xénero cunha canción (barre	1 de decembro	Todo o centro	✓ Equipo de Biblioteca ✓ Equipo de Dinamización da Lingua

	vasoira das fillas de Casandra) e un manifesto.			Galega ✓ Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares Mestra de Inglés
Día da paz	Realizar unha recollida solidaria en favor da Cruz Vermella. Levar a cabo un acto onde se leerá un manifesto pola paz. Realizarase un mural representativo.	30 de xaneiro	Todo o centro	✓ Equipo de Biblioteca ✓ Equipo de Dinamización da Lingua Galega ✓ Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
Día de Rosalía de Castro	Elaborar pandeiretas decoradas por un lado con palabras fermosas en galego e pouco coñecidas para ampliar vocabulario e por outro coa imaxe de Rosalía de Castro. Con elas decoraremos as árbores do noso pobo. Lectura e degustación no comedor escolar do Caldo de Gloria de Rosalía.	En torno o 23 de Febreiro	Todo o Centro	Equipo de biblioteca e EDLG
Día do cómic	Realizar, axudados dos máis maiores do cole e do voluntariado da biblioteca, cómics relacionados con algunha temática do camiño de Santiago.	Primeira semana de marzo	Todo o centro	Equipo de Biblioteca
Semana da prensa	Ao longo da semana	Do 11 ao 15	Todo o	✓ Equipo de

	<p>cada titor/a contará unha noticia lida nun xornal sobre o seu país ou continente e despois se realizará un telediario no salón de actos.</p>	<p>de marzo</p>	<p>centro</p>	<p>Biblioteca ✓ Equipo de Dinamización da Lingua Galega ✓ Titores/ titoras</p>
<p>Día da poesía</p>	<p>Crear o mural poeflix con poesías creadas e elaboradas polo alumnado relacionadas co camiño de Santiago</p>	<p>21 de marzo</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>✓ Equipo de Biblioteca</p>
<p>Día do libro</p>	<p>Crear o noso camiño dos soños/contos elaborando cunchas ou pedras decoradas e cunha frase/título do noso conto favorito</p>	<p>23 de abril</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>✓ Equipo de Biblioteca</p>
<p>Día das Letras Galegas</p>	<p>Realizar obradoiros propostos pola asociación Sororas relacionados co traxe tradicional, pandeireta, cantos galegos,... elaborar un mural no patio coa temática dun camiño de pandeiretas..</p>	<p>Maio</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>✓ Equipo de Biblioteca ✓ Equipo de Dinamización da Lingua Galega</p>